

Memoria **ORAL** 2023



Xestión e recadación de recursos locais

[Memoria ORAL]



Presentación

Nesta memoria de xestión preténdese presentar con claridade a información máis relevante sobre a actividade desenvolvida polo Órgano de Xestión Tributaria e Recadación de Tributos Locais da Deputación de Pontevedra (ORAL) durante o exercicio 2023.

A transparencia na xestión pública constitúe a principal motivación para elaborar e publicar esta memoria, na que se difunden os principais datos, resultados e fitos significativos da actividade realizada durante este ano polo ORAL. A difusión desta información está especialmente orientada aos dous grupos de interese máis importantes para este órgano, que son a cidadanía en xeral, á que lle tentamos facilitar o cumprimento das súas obrigas tributarias, e os entes delegantes, que confiaron en nós co fin de proverse dos ingresos necesarios para o desenvolvemento da súa acción de goberno.

Co obxectivo de desenvolver a xestión e recadación dos recursos locais de forma óptima e de colaborar cos concellos da provincia de Pontevedra, o ORAL, seguindo parámetros de mellora continua, pretende ser un exemplo de compromiso co municipalismo, baixo premisas de especialización na materia tributaria e de implantación de economías de escala, o que nos permite acadar ratios na xestión tributaria e recadatoria que dificilmente se acadaría sen a colaboración deste órgano da Deputación de Pontevedra.

Así, o ORAL xestionou en 2023 intereses locais en materia de xestión e recadación nun total de 55 concellos —dos 61 que compoñen o territorio provincial—, e nun total de nove entidades locais distintas ao municipio. A nosa porcentaxe de presenza alcanzou o 90,16 % dos concellos da provincia e elevouse ata o 96,08 % se temos soamente en conta aqueles concellos con poboación inferior aos 20.000 habitantes, nos que a lei nos outorga competencias propias de asistencia na prestación dos servizos de xestión na recadación tributaria e de apoio á xestión financeira.

Esta porcentaxe ascende ano tras ano: en 2023 recibimos e completamos catro novas delegacións de competencias, e temos varias en tramitación interna.

Esta confianza, manifestada polos distintos entes territoriais, transparentase de forma clara no volume dos cargos que xestionamos por conta dos concellos da provincia, que aumentan ano tras ano e que en 2023 se incrementaron en 3,7 millóns de euros con respecto ao exercicio anterior, ata superar amplamente os 140 millóns de euros anuais.

O volume de recadación total efectuada polo ORAL en relación ao principal das débedas contraídas (descontando xuros de demora e recargas executivas) situouse en 134,9 millóns de euros, dos cales 119,9 millóns se recadaron na vía voluntaria de cobro e 14,9 na vía executiva. Ademais, o total

entregado a concellos pola xestión e recadación dos seus tributos alcanzou os 133,5 millóns de euros.

As porcentaxes de cobro dos padróns por tributo expresan unhas porcentaxes de cobro en voluntaria superiores ao 90 % con carácter xeral, e ascenden exponencialmente ata o 99,4 % no caso do imposto sobre bens inmobles de características especiais (IBI BICES), 95,4 % no caso do imposto sobre actividades económicas (IAE) ou 91,41 % no caso do IBI urbano (principal recurso das entidades locais).

Os motivos que máis inflúen nestas melloras nos cobros en vía voluntaria teñen que ver coas facilidades de pagamento (3.173 expedientes de fraccionamento e aprazamento resoltos no exercicio), aos traballos continuos de depuración das bases de datos tributarias (tanto a través do traballo interno coma da colaboración con outros entes) e no fomento das políticas de pagamento a través de domiciliación bancaria, que continúan incrementando a súa presenza ata acadar un 61,69 % do total dos tributos periódicos.

Tamén é destacable a diminución constante do pendente de cobro a final de exercicio, froito dos traballos de análise e depuración das débedas. Así, pasouse dun total de 84,7 millóns de euros pendentes de cobro a 31/12/20 (dos cales 70,3 millóns se atopaban en período executivo de cobro) a 60,4 millóns de euros a 31/12/23 (46,7 millóns en vía executiva).

Tamén no compromiso coa liquidez cos concellos se produciron avances, ao alcanzarse a cifra récord de 67,15 millóns de euros anticipados aos entes delegantes no exercicio, o que supón un incremento da liquidez inmediata a entes delegantes do 1,3 %.

Outros avances producidos no exercicio teñen que ver coa modernización do ORAL a través da mellora do noso *software* de xestión e da aplicación multiplataforma destinada a policía locais e axentes de mobilidade para a xestión de sancións de tráfico; da sinatura de novos convenios e apertura de liñas de intermediación, co fin de evitarlles requirimentos innecesarios ás persoas contribuíntes; así como das diferentes melloras da OVT no ámbito da accesibilidade e implantación de novos sistemas de autoliquidación sen perda dos servizos de atención presencial (o que nos levou a ter un incremento do número de interaccións telemáticas do 35 %).

Grazas ao traballo realizado e á concienciación activa da cidadanía da provincia coa responsabilidade individual no pagamento dos tributos para manter os servizos públicos locais, puidéronse acadar uns resultados de xestión e recadación que se consideran óptimos no exercicio, tendo en conta a conxuntura económica en que nos atopamos.

O compromiso da Deputación de Pontevedra no apoio aos concellos da provincia en materia de xestión tributaria e recadación é firme, polo que seguiremos impulsando melloras e reforzando as

liñas de actuación no marco das competencias que nos toca xestionar.

Por último, aproveito para felicitar a todo o persoal do ORAL que intervéen en cada un dos procesos asumidos para que cumpramos con eficacia, eficiencia e transparencia as tarefas que nos delegan os concellos e demais entes da provincia, ademais de agradecerlles a estes últimos a confianza amosada ao longo dos anos na Deputación de Pontevedra.

Luis López Diéguez

Presidente da Deputación de Pontevedra

Índice



9	A nosa actividade
11	Delegacións que xestionamos
19	Organización interna
25	Os nosos datos de xestión
39	Outras actividades de xestión
49	Outros servizos a entes delegantes
57	Información e atención á cidadanía



Capítulo 1

A nosa actividade

A NOSA ACTIVIDADE

O **Órgano de Xestión Tributaria e Recadación de Recursos Locais (ORAL)** é o órgano desconcentrado sen personalidade xurídica que desenvolve as funcións de **xestión catastral, censual, tributaria, inspectora, recadadora e de colaboración na xestión catastral e de recadación das sancións de tráfico e doutros ingresos públicos** para as entidades locais que teñan delegadas de forma expresa as ditas funcións, de conformidade co disposto nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 7 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, ou lle sexa encomendado segundo o establecido no artigo 11 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Do mesmo xeito, tamén desenvolve as funcións de recadación e outras que lle sexan expresamente encomendadas respecto dos **recursos propios da Deputación**.

Obxectivos

- A conformación e o mantemento dos padróns dos tributos municipais co alcance e coas condicións que se conveñan.
- A práctica de liquidacións para determinar as débedas tributarias e outros actos de xestión.
- A recadación en período voluntario e executivo de toda clase de tributos, así como doutros ingresos de dereito público.
- A colaboración en materia de inspección dos tributos locais.
- O asesoramento xurídico e económico en materia de xestión tributaria aos concellos cuxa xestión lle fose delegada.
- A colaboración na xestión catastral, así como a xestión do procedemento sancionador en materia de tráfico.
- A prestación de calquera outra actividade ou servizo necesario para a maior efectividade dos anteriores.

Valores

- Información continuada, clara e precisa.
- Eficacia e eficiencia na xestión.
- Profesionalidade, imparcialidade e transparencia na xestión.
- Seguridade e confidencialidade nas relacións coa cidadanía.
- Calidade e implantación de medidas correctoras na liña da innovación tecnolóxica e da mellora continua.
- Compromiso coa igualdade de oportunidades en materia de xénero.

Misión

A xestión, inspección e recadación por delegación naqueles concellos e noutros entes locais da provincia de Pontevedra que así o desexen dos ingresos públicos que permitan prestarlles ás e aos contribuíntes servizos públicos de calidade para impulsar a modernización da Administración local.

Visión

Ser unha Administración moderna e eficaz, referente na xestión de tributos locais e próxima á cidadanía, coa finalidade de asistir na prestación dos servizos de xestión da recadación tributaria en período voluntario e executivo, así como apoiar a xestión financeira dos concellos delegantes, especialmente dos que contan cunha poboación inferior a 20.000 habitantes.



Capítulo 2

Delegacións que xestionamos

DELEGACIÓNS QUE XESTIONAMOS

O ORAL exerce competencias delegadas en materia de xestión tributaria, recadación en vía voluntaria e executiva, inspección, colaboración na xestión catastral e recadación das sancións de tráfico e outros ingresos públicos para as entidades locais.

PROCEDEMENTO DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS

O procedemento para formalizar a delegación na Deputación de Pontevedra das competencias e funcións que se detallan nas bases que regulan as relacións interadministrativas entre o ORAL e os entes delegantes será o seguinte:

- Acordo adoptado polo Pleno do concello delegante.
- Traslado do acordo definitivo da delegación á Deputación, mediante certificación expedida pola ou polo secretario do concello delegante.
- Acordo adoptado polo Pleno da Deputación, no que se acepta a delegación se o acordo municipal se axusta ás presentes bases.
- Publicación do acordo anterior no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* e no *Diario Oficial de Galicia*, para coñecemento xeral, de acordo co previsto no artigo 7.2 da Lei reguladora das facendas locais ou no artigo 11.3.b da Lei 39/2015.

Novas delegacións en 2023

- ARBO:** Adhesión ao convenio de colaboración en materia de xestión catastral
- BARRO:** Delegación da fase instrutora no procedemento sancionador e facultades de recadación de multas de tráfico.
- O GROVE:** Delegación de competencias de comprobación e inspección das taxas por aproveitamento do dominio público local, licenza de obras e ICIO.
- FORCAREI:** Delegación de competencias de comprobación e inspección das taxas por aproveitamento do dominio público local, licenza de obras e ICIO.

EVOLUCIÓN DAS DELEGACIÓNS	2020	2021	2022	2023
Xestión integral do IBI	50	50	50	50
Xestión integral do IAE	50	50	50	50
Xestión integral do IVTM	47	47	47	47
Xestión integral do IIVTNU	28	30	30	30
Xestión integral da TRRSU	46	48	48	48
Xestión integral da taxa de sumidoiro	23	24	26	26
Xestión integral da taxa por entrada de vehículos	22	26	29	29
Xestión integral doutras taxas e prezos públicos(*)	35	37	37	37
Inspección	51	51	51	53
Xestión catastral	48	48	48	49
Sancións de tráfico (instrución e recadación)	32	32	34	35
Recadación executiva	52	52	54	54
TOTAL	484	495	504	508

(*) En “xestión integral doutras taxas e prezos públicos” compútanse taxas por aproveitamento especial do dominio público local ou por prestación dun servizo público distintas á TRRSU, taxa de sumidoiro e taxa por entrada de vehículos (mercados, lonxas, matadoiros, licenzas de autotaxi, auga...), así como calquera tipo de prezo público.

DELEGACIÓNS DE CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES

EVOLUCIÓN DAS DELEGACIÓNS	<5.000 hab.	de 5.000 a 20.000 hab.	TOTAL
Xestión integral do IBI	21	24	45
Xestión integral do IAE	21	24	45
Xestión integral do IVTM	21	22	43
Xestión integral do IIVTNU	10	15	25
Xestión integral da TRRSU	21	22	43
Xestión integral da taxa de sumidoiro	18	7	25
Xestión integral da taxa por entrada de vehículos	11	14	25
Xestión integral doutras taxas e prezos públicos	19	14	33
Inspección	23	25	48
Xestión catastral	21	23	44
Sancións de tráfico (instrución e recadación)	10	20	30
Recadación executiva	23	25	48

RESULTADOS CLAVE DAS DELEGACIÓNS NO ORAL:

Relacións co ORAL en materia de xestión e/ou recadación	→	90,16 % dos concellos da provincia
Recadación en executiva	→	90,16 % dos concellos da provincia
Xestión do IBI e IAE	→	81,97 % dos concellos da provincia
Xestión catastral	→	80,33 % dos concellos da provincia
Xestión do IVTM	→	77,05 % dos concellos da provincia

RESULTADOS CLAVE DOS CONCELLOS DE < 20.000 habitantes:

Relacións co ORAL en materia de xestión e/ou recadación	→	96,08 % dos concellos da provincia
Recadación en executiva	→	92,16 % dos concellos da provincia
Xestión do IBI e IAE	→	88,24 % dos concellos da provincia
Xestión catastral	→	86,27 % dos concellos da provincia
Xestión do IVTM	→	84,31 % dos concellos da provincia

En relación á xestión desenvolta polo ORAL, é necesario facer especial referencia aos **concellos con poboación inferior a 20.000 habitantes**. No artigo 36.1.f) da Lei de bases de réxime local establécese o ámbito competencial das deputacións, e sinalase como propia a de asistencia na prestación dos servizos de xestión na recadación tributaria, no período voluntario e executivo e de servizos de apoio na xestión financeira dos municipios cunha poboación inferior a 20.000 habitantes.

Dos 61 concellos que conforman a provincia de Pontevedra, hai un total de 51 que se atopan por debaixo do limiar sinalado na citada Lei de bases (INE 2023), e, deles, soamente en dous non exerce o ORAL tarefas de xestión ou recadación de tributos.

A porcentaxe de concellos menores de 20.000 habitantes que manteñen relacións co ORAL en materia de xestión tributaria ou recadación **supera o 96 %**.

DELEGACIÓNS POR CONCELLO E CONCEPTO

CONCELLOS	XESTIÓN TRIBUTARIA INTEGRAL									INSPECCIÓN	XESTIÓN CATASTRAL	MULTAS DE TRÁFICO	RECADACIÓN EXECUTIVA
	IBI	IAE	IVTM (*)	IIVTNU	ICIO	TRRSU	SUMIDOIRO	VAOS	OUTRAS				
AGOLADA	+	+	+	SAI		+	+	+	+	+	+		+
ARBO	+	+	+	SAI		+	+	+	+	+	+		+
BAIONA	+	+	+	+		+		+	+	+	+	+	+
BARRO	+	+	+	SAI		+	+		+	+	+	+	+
BUEU						+							
CALDAS DE REIS	+	+	+	+		+	+		+	+	+	+	+
CAMBADOS	+	+	+	+		+		+	+	+	+	+	+
CAMPO LAMEIRO	+	+	+	SAI		+	+		+	+	+		+
CANGAS	+	+		+		+				+	+	+	+
CAÑIZA, A	+	+	+			+	+		+	+	+	+	+
CATOIRA	+	+	+	+		+	+		+	+	+	+	+
CERDEDO-COTOBADE	+	+	+	SAI		+	+	+	+	+	+		+
COVELO	+	+	+	SAI		+	+		+	+	+		+
CRECENTE	+	+	+	+		+	+	+	+	+	+	+	+
CUNTIS	+	+	+	+		+	+	+	+	+	+	+	+

CONCELLOS	XESTIÓN TRIBUTARIA INTEGRAL									INSPECCIÓN	XESTIÓN CATASTRAL	MULTAS DE TRÁFICO	RECADACIÓN EXECUTIVA
	IBI	IAE	IVTM (*)	IIVTNU	ICIO	TRRSU	SUMIDOIRO	VAOS	OUTRAS				
DOZÓN	+	+	+	SAI		+		+		+	+		+
ESTRADA, A	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+	+
FORCAREI				+						+		+	+
FORNELOS DE MONTES	+	+	+	+		+	+	+	+	+	+	+	+
GONDOMAR	+	+	+			+				+	+	+	+
GROVE, O										+		+	+
ILLA DE AROUSA, A										+		+	+
LALÍN	+	+	+	+		+		+	+	+	+	+	+
LAMA, A	+	+	+	SAI		+	+	+	+	+	+		+
MEAÑO	+	+	+	+		+				+	+	+	+
MEIS	+	+	+	+		+	+	+	+	+	+		+
MOAÑA	+	+	+	+	+	+		+	+	+	+	+	+
MONDARIZ	+	+	+	+		+	+	+	+	+	+	+	+
MONDARIZ-BALNEARIO	+	+	+	+		+			+	+	+	+	+
MORAÑA	+	+	+	SAI		+	+		+	+	+		+
MOS	+	+		+						+	+	+	+

CONCELLOS	XESTIÓN TRIBUTARIA INTEGRAL									INSPECCIÓN	XESTIÓN CATASTRAL	MULTAS DE TRÁFICO	RECADACIÓN EXECUTIVA
	IBI	IAE	IVTM (*)	IIVTNU	ICIO	TRRSU	SUMIDOIRO	VAOS	OUTRAS				
NEVES, AS	+	+	+	SAI		+	+	+	+	+	+	+	+
NIGRÁN	+	+								+	+		+
OIA	+	+	+	+		+	+			+	+		+
PAZOS DE BORBÉN	+	+	+	SAI		+	+		+	+	+		+
POIO	+	+	+	+				+	+	+	+		+
PONTE CALDELAS	+	+	+	SAI		+		+	+	+	+	+	+
PONTEAREAS	+	+	+	+		+		+	+	+	+	+	+
PONTECESURES	+	+	+	+		+	+	+	+	+	+		+
PORRIÑO, O	+	+	+	+	+	+		+	+	+	+	+	+
PORTAS	+	+	+	SAI		+	+		+	+	+		+
RODEIRO	+	+	+	SAI		+			+	+	+		+
ROSAL, O	+	+	+	+		+	+	+	+	+	+	+	+
SALCEDA DE CASELAS	+	+	+	+		+		+		+		+	+
SALVATERRA DE MIÑO	+	+	+	+		+				+	+	+	+
SANXENXO	+	+	+			+		+		+	+		+
SILLEDA	+	+	+	+		+	+	+	+	+	+	+	+

CONCELLOS	XESTIÓN TRIBUTARIA INTEGRAL									INSPECCIÓN	XESTIÓN CATASTRAL	MULTAS DE TRÁFICO	RECADACIÓN EXECUTIVA
	IBI	IAE	IVTM (*)	IIVTNU	ICIO	TRRSU	SUMIDOIRO	VAOS	OUTRAS				
SOUTOMAIOR	+	+	+	SAI		+		+	+	+	+	+	+
TOMIÑO	+	+	+	+		+		+	+	+	+	+	+
TUI	+	+	+	+		+		+		+	+	+	+
VALGA	+	+	+	SAI		+	+			+	+	+	+
VILA DE CRUCES	+	+	+	SAI		+		+		+	+		+
VILABOA	+	+	+	+		+	+		+	+	+	+	+
VILAGARCÍA DE AROUSA													+
VILANOVA DE AROUSA	+	+	+	+		+			+	+	+	+	+
TOTAL	50	50	47	30	3	48	26	29	37	53	49	35	54

(*) Nos concellos de Baiona, Cambados, Campo Lameiro, Cerdedo-Cotobade, Crecente, Cuntis, Dozón, Gondomar, Oia, Ponteareas, O Rosal, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Silleda, Tui e Vilanova de Arousa o trámite de liquidación previa á primeira matriculación realízase no propio concello.

(*) O ORAL asume a xestión e recadación da TRRSU do Concello de Bueu por delegación da Mancomunidad do Morrazo (Bueu, Cangas e Moaña).

(*) A referencia **SAI** indica a inexistencia de acordo de imposición municipal; polo tanto, a imposibilidade de delegación.

(*) Na xestión do ICIO inclúense soamente os concellos que delegaron a xestión integral do imposto.

(*) No referente á inspección, inclúense as entidades que delegaron no ORAL a inspección de calquera tributo (IAE, ICIO, taxa do 1,5, TRRSU,...).

OUTRAS ENTIDADES LOCAIS	TAXAS	RECADACIÓN EXECUTIVA
Consortio contra incendios da comarca do Salnés (inclúe o consorcio provincial)	+	+
Comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes	+	+
Consortio provincial contra incendios	+	+
Mancomunidade do Morrazo (Bueu, Cangas e Moaña)	+	+
Consortio contra incendios das comarcas do Baixo Miño, do Condado e Louriña	+	+
Entidade local menor de Bembrive, Vigo		+
Entidade local menor de Chenlo, O Porriño		+
Mancomunidade do Val Miñor		+
Consortio para a xestión do ciclo urbano da auga do Louro		+
TOTAL	5	9





Capítulo 3


Organización interna

ORGANIGRAMA E COMPETENCIAS

O ORAL desenvolve as súas funcións a través de **sete servizos diferenciados**: Xestión de Recursos Públicos, Xestión Catastral e Tributaria do IBI, Recadación, Xurídico Tributario, Inspección, Coordinación e Intervención (con dependencia funcional da Intervención Xeral da Deputación), situados na localidade de Pontevedra.

Á súa vez, os **servizos periféricos de atención** estrutúranse xerarquicamente de xeito comarcal, nas seguintes oficinas periféricas (O. P.):

- O. P. da Comarca de Deza (Lalín)
- O. P. da Comarca de Tabeirós-Terra de Montes (A Estrada)
- O. P. da Comarca de Caldas-Salnés (Caldas, Vilanova de Arousa, Cambados e Sanxenxo)
- O. P. da Comarca do Morrazo-Val Miñor (Cangas, Moaña, Bueu e Nigrán)
- O. P. da Comarca da Louriña (O Porriño e Vigo)
- O. P. da Comarca do Baixo Miño (Tui, O Rosal e Tomiño)
- O. P. da Comarca do Condado e da Paradanta (Ponteareas, A Cañiza, Arbo, Crecente, Covelo e As Neves)



DISPOSICIÓN DO PERSOAL

POSTOS DE TRABALLO	Número de postos	Postos ocupados no exercicio
Tesoureira/o	1	1
Director/a de xestión dos servizos do ORAL	1	1
Xefaturas de servizo	7	6
Adxuntas/os á xefatura de servizo	4	4
Técnicas/os superiores de xestión tributaria	2	2
Técnicas/os medios de xestión tributaria	10	9
Xefaturas de negociado	23	23
Administrativas/os de xestión tributaria	64	61
Axentes catastrais	3	3
Operador/a de teclado	1	1
Auxiliares de xestión tributaria e información	31	26
TOTAL	147	137

Distribución do persoal da RPT


POSTOS DE TRABALLO	2020	2021	2022	2023
Dirección de Xestión/Tesourería	3	3	4	3
Servizo de Recadación	19	19	18	20
Xestión Orzamentaria e Contabilidade	5	5	5	5
Servizo Xurídico Tributario	5	6	6	6
Servizo de Xestión Catastral e Tributaria do IBI	21	21	19	19
Servizo de Inspección e Procedementos Sancionadores	-	-	8	11
Servizo de Xestión de Recursos Públicos	20	20	13	13
Servizo de Coordinación	76	75	75	70
TOTAL	149	149	148	147

Para cumprir a súa misión, o ORAL conta cun cadro de persoal **na RPT de 147 postos**, dos cales en 2023 foron ocupados un total de 137.

A dotación de postos no exercicio suplen-
touse coa incorporación de **persoal temporal**
con cargo a programas específicos ou acu-
mulación de tarefas en períodos de maior
carga de traballo nun total de 21 postos.

En función do número de delegacións asumi-
das, a ratio por persoa traballadora en rela-
ción á RPT é de **2,3 traballadores** para cubrir
as necesidades de cada ente delegante.

Persoal na RPT




COMPOSICIÓN DO CADRO DE PERSOAL


Nos últimos 3 anos, froito dun proceso de **funcionarización**, déuselle a volta á distribución do persoal en relación ao modo de prestación de servizos, pasando dunha porcentaxe dun 86 % de persoal laboral en 2020 ao 25 % no 2023.

O ORAL presta servizos tendo en conta o fomento das políticas de **conciliación da vida laboral e persoal**, a través tanto da propia conciliación horaria coma da posibilidade de acollerse a sistemas de traballo a distancia.


Conciliación




Teletraballo




Por sexo




Por tipo de relación




Por idade



Por oficinas




Por categorías



A1
A2
C1
C2

Por servizos



Servizo de Coordinación
Servizo de Inspección e Procedementos Sancionadores
Servizo Xurídico Tributario
Servizo de Recadación
Servizo de Xestión de Recursos Públicos
Servizo de Xestión Catastral e Tributaria do IBI
Servizo de Xestión Orzamentaria e Contabilidade
Dirección de Xestión/Tesouraría

CURSOS E FORMACIÓNS

Ademais da formación incluída no **Plan agrupado e a formación interna propia**, no exercicio 2023, de acordo coa política de favorecer a formación tributaria do persoal do ORAL, autorizáronse asistencias á 23.^a edición do curso A Inspección dos Tributos Locais (presencial) e unha licenza por estudos para obter o título de Experto en Tributación Local.

Prácticas laborais

Por outro lado, ao abeiro dos **convenios de co-laboración** formalizados entre a Deputación de Pontevedra e as universidades de Santiago de Compostela e de Vigo, o ORAL promove prácticas formativas que teñen como finalidade completar a formación do alumnado mediante a súa preparación para exercer actividades profesionais.

UNIVERSIDADE	ALUMNAS/OS	HORAS
UVigo	4	600
Santiago de C.	5	750



FORMACIÓN INTERNA	HORAS
Configuración de automatismos IVTM	6
Formación para persoal de novo ingreso	122
Formación sobre modificacións en taxas coas cargas catastrais	8
Sistema de xestión da calidade	12

PRINCIPAIS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS NO PLAN DE FORMACIÓN	HORAS	ASISTENTES
Curso Básico de Catastro Inmobiliario	30	41
Curso de Xestión Tributaria	40	25
Real Decreto 203/2021, de 30 de Marzo	30	13
Curso Básico da Constitución Española	20	11
Orzamentos e Contabilidade Pública	40	10
Aplicación Práctica da Normativa de Protección de Datos nas Administracións Locais	30	10
Ferramentas de Administración Electrónica para o Persoal Empregado Público	30	9
A Protección de Datos nas Administracións Públicas	30	8
O Procedemento Sancionador en Materia de Tráfico	30	8
Ferramentas de Administración Electrónica para a Cidadanía	30	6
O Procedemento Administrativo Sancionador	20	6
Procedemento Administrativo Electrónico, Seguridade e Interoperabilidade	30	5
Aplicación Práctica da Lei 40/2025, de 1 de Outubro, de Réxime do Sector Público	25	5

OUTRAS FORMACIÓNS DESENVOLVIDAS NO PLAN DE FORMACIÓN	HORAS	ASISTENTES
Idiomas, linguaxe e estilo administrativo	185	7
Ferramentas informáticas	155	7
Outros (contratos, igualdade, atención, prevención de riscos,...)	445	33

Capítulo 4

Os nosos datos de xestión

FONTE DOS DATOS ECONÓMICOS:

Información elaborada a partir dos datos obtidos da conta xeral aprobada pola Presidencia da Deputación de Pontevedra e da aplicación de xestión tributaria do ORAL

CONTA DE XESTIÓN (RESUMO)

A rendición de contas da xestión do ORAL de cara aos entes delegantes no 2023 efectuouse a través da **aprobación da conta xeral por Resolución de Presidencia de data 13/06/2024**. Nela exprésase o importe da xestión delegada, dos cargos entregados ao ORAL para a súa xestión de cobro, a recadación realizada, as liquidacións datadas por anulacións ou outros motivos e o pendente de cobro. De acordo con ese documento, exprésase o seguinte resumo da xestión desenvolvida polo ORAL no exercicio 2023.

RECADACIÓNS OBTIDAS NO EXERCICIO, OBXECTO DE LIQUIDACIÓN A ENTES DELEGANTES

(1) Cota municipal	133.250.095,66€
(2) Xuros de demora	491.008,42 €
(3) Xestión propia da Deputación	187.522,06 €
TOTAL NO EXERCICIO (1+2-3)	133.553.582,02 €

(*) As contías sinaladas en concepto de cobros totais no seguinte bloque **(134.915.076,08 €)** refírense soamente ao principal dos tributos xestionados, sen ter en conta xuros de demora, recargas de prema, custas nin ingresos parciais recadados no exercicio 2023.

	PENDENTE INICIAL A 01/01/2023	CARGOS	COBROS	BAIXAS	PENDENTE DE COBRO A 31/12/2023
TOTAL ENTES DELEGANTES	66.209.964,02 €	140.363.285,52 €	134.915.076,08 €	11.190.963,60 €	60.467.209,86 €


DEREITOS PENDENTES DE COBRO 01/01/2023		Cota municipal	65.585.237,10 €	66.209.964,02 €
		Recarga provincial do IAE	624.726,92 €	
DEREITOS RECOÑECIDOS NO EXERCICIO		Cota municipal	138.661.519,01 €	140.363.285,52 €
		Recarga provincial do IAE	1.701.766,51 €	
RECADACIÓNS	PRINCIPAL	Cota municipal	133.250.095,66 €	134.915.076,08 € (*)
		Recarga provincial do IAE	1.664.980,42 €	
	Xuros de demora de recadacións executivas		491.008,42 €	
	Recargas de prema e custas		2.670.689,23 €	
TOTAL DE BAIXAS		Cota municipal	11.060.786,41 €	11.190.963,60 €
		Recarga provincial do IAE	130.177,19 €	
PENDENTE DE COBRO A 31/12/2023		Cota municipal	59.935.874,04 €	60.467.209,86 €
		Recarga provincial do IAE	531.355,82 €	

A estas recadacións cómpre sumarlle o recadado durante o exercicio 2023 por ingresos parciais derivados de cobros en período executivo, contías parciais recadadas de procedementos concursais e ingresos fraccionados e aprazados, conforme ao seguinte detalle:

PRINCIPAIS		RECARGAS DE PREMA		XUROS DE DEMORA		CUSTAS	TOTAL
Cota municipal	Rec. prov. IAE	Cota municipal	Rec. prov. IAE	Cota municipal	Rec. prov.		
2.171.367,73 €	34.856,10 €	269.378,13 €	5.460,29 €	91.808,49 €	1.748,47 €	28.182,77 €	2.602.801,98 €


CONTA DE XESTIÓN (COMPARATIVA)

	2021	2022	2023
Pendente inicial	84.726.978,12 €	75.453.269,00 €	66.209.964,02 €
Cargos	135.275.167,14 €	136.587.307,62 €	140.363.285,52 €
Cobros	133.652.148,39 €	137.804.115,92 €	134.915.076,08 €
Baixas	10.896.727,87 €	8.026.496,68 €	11.190.963,60 €
Pendente final	75.453.269,00 €	66.209.964,02 €	60.467.209,86 €



A cantidade coa que se pecha cada exercicio (60.467.209,86 € en 2023) componse de débedas das voluntarias non finalizadas a 31 de decembro e de débedas en xestión na vía executiva. En relación a esta última, está conformada por valores sobre os que aínda non se fixeron actuacións de execución contra os debedores (débedas recentes nas que non se ditou a providencia de prema ou non se lle notificou á ou ao debedor), débedas aprazadas ou fraccionadas en xestión de cobro, débeda suspendida por concurso de acredores ou outros motivos, débeda transferida á Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) por razón de competencia e débeda en xestión polo ORAL.

Evolución do pendente de cobro



CONTA DE XESTIÓN DE PADRÓNS

O ORAL **xestiona por padróns** as cobranzas do imposto sobre bens in-mobles, imposto sobre vehículos de tracción mecánica, imposto sobre actividades económicas, taxa de recollida de residuos sólidos urbanos, así como outras taxas por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local.

Os recibos **pendentes de cobro a 01/01/23** inclúen a última cobranza non pechada de taxas do ano 2022, que finalizou o 29/12/2022 e que lles foi liquidada aos entes delegantes en febreiro de 2023.

Os **repostos** fan referencia a valores que entraron na vía executiva e que se devolven á vía voluntaria por motivo de non procedencia do ditado da providencia de prema.

Os recibos **pendentes de cobro a 31/12/23** inclúen a última cobranza non pechada de taxas do ano 2023, que finalizou o 29/12/2023 e que lles foi liquidada aos entes delegantes en febreiro de 2024.

Total para xestionar no exercicio 2023

RECIBOS PENDENTES DE COBRO A 01/01/23	CARGOS		TOTAL PARA XESTIONAR
	VOL	EXE	
1	2	3	4 (1 a 3)
46.696.099,33 €	121.340.411,47 €	2.095.751,55 €	170.132.262,35 €

Total xestionado

COBROS				BAIXAS			TOTAL DE XESTIÓN
VOL	EXE	REPOSTOS	TOTAL	VOL	EXE	TOTAL	
5	6	7	8 (5 a 7)	9	10	11 (9+10)	12 (8+11)
107.454.205,36 €	11.166.772,36 €	1.084.040,22 €	119.705.017,94 €	205.085,41 €	6.982.059,10 €	7.187.144,51 €	126.892.162,45 €

Pendente de cobro a 31/12/2023

TOTAL PARA XESTIONAR	TOTAL DE XESTIÓN	RECIBOS PENDENTES DE COBRO A 31/12/23
4	12 (8+11)	13 (4-12)
170.132.262,35 €	126.892.162,45 €	43.240.099,90 €

CONTA DE XESTIÓN DE LIQUIDACIÓNS

Total para xestionar no exercicio 2023

LIQUIDACIÓNS PENDENTES DE COBRO A 01/01/23			LIQUIDACIÓNS CONTRAÍDAS/ CARGADAS		REDUCIÓNS
VOL	EXE	TOTAL	VOL	EXE	
1	2	3 (1+2)	4	5	6
3.840.040,35 €	15.673.824,34 €	19.513.864,69 €	17.132.003,99 €	1.128.226,85 €	1.333.108,34 €

Total xestionado

COBROS				BAIXAS			TOTAL DE XESTIÓN
VOL	EXE	REPOSTOS	TOTAL	VOL	EXE	TOTAL	
7	8	9	10 (7 a 9)	11	12	13 (11+12)	14 (10+13)
11.304.350,86 €	3.800.143,41 €	105.563,87 €	15.210.058,14 €	356.107,53 €	3.647.711,56 €	4.003.819,09 €	19.213.877,23 €

Pendente de cobro a 31/12/2023

LIQUIDACIÓNS PENDENTES DE COBRO A 31/12/23		
VOL	EXE	TOTAL
4.107.278,56 €	13.119.831,40 €	17.227.109,96 €

O ORAL xestiona a través da **emisión de liquidacións e autoliquidacións** o imposto sobre construcións, instalacións e obras, o imposto sobre o incremento de valor de terreos de natureza urbana, taxas por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, así como pola prestación de servizos públicos ou realización de actividades administrativas de competencia local. Inclúe, así mesmo, a emisión de valores relativos a tributos xestionados a través de padrón que reflicten variacións que precisan contar cun acto de notificación individualizada formal.

As liquidacións **pendentes de cobro a 01/01/23** inclúen aquelas emitidas a finais do exercicio 2022 e das que non foron pechados os cobros no propio exercicio.

As liquidacións **pendentes de cobro a 31/12/23** inclúen aquelas emitidas a finais do exercicio 2023 e das que non foron pechados os cobros no propio exercicio.

CONTA DE XESTIÓN (VOLUME RECADADO DURANTE O 2023)

O importe da recadación executiva fai sempre referencia ao principal das débedas cobradas para a súa posterior entrega ás entidades delegantes, polo que non ten en conta o resto de cantidades recadadas en concepto de xuros de demora ou recargas executivas.

Tampouco ten en conta os ingresos parciais recadados ata a súa aplicación á liquidación total da débeda contraída.

Recadación total


RECADACIÓN TOTAL	2021	2022	2023
VOLUNTARIA	115.524.210,04 €	117.371.624,17 €	119.948.160,31 €
EXECUTIVA	18.127.938,35 €	20.432.491,75 €	14.966.915,77 €
TOTAL	133.652.148,39 €	137.804.115,92 €	134.915.076,08 €

Recadación voluntaria


RECADACIÓN TOTAL	2021	2022	2023
PADRÓNS	106.078.028,48 €	107.052.206,19 €	108.538.245,58 €
LIQUIDACIÓNS	9.446.181,56 €	10.319.417,98 €	11.409.914,73 €
TOTAL	115.524.210,04 €	117.371.624,17 €	119.948.160,31 €

Recadación executiva

RECADACIÓN	2021	2022	2023
TOTAL	18.127.938,35 €	20.432.491,75 €	14.996.915,77 €




CONTA DE XESTIÓN (RECADACIÓN VOLUNTARIA DE PADRÓNS)



A porcentaxe total de cobros en voluntaria derivados da xestión do ORAL sitúase por riba do 90 %.

De toda a xestión de cobros en voluntaria destacan con moito os resultados obtidos na recadación de bens inmo-
bles de categoría especial (99,48 %), imposto sobre actividades económicas (95,41 %) e imposto sobre bens inmo-
bles de carácter urbano (91,41 %).



DOMICILIACIÓN DOS TRIBUTOS PERIÓDICOS

A domiciliación bancaria permite xestionar o pagamento dos tributos municipais a través das entidades financeiras, ofrecendo varias vantaxes para a cidadanía.

Comodidade: non é necesario desprazarse para cumprir coas obrigas tributarias; afórrase tempo e evítanse quen-das de espera das sucursais bancarias.


Practicidade: pódese solicitar a alta e baixa por distintos medios. En caso de desconformidade pódese solicitar a devolución do recibo.

Redución do papel: xa non recibirá documentos innecesarios na súa casa.


Rexistro: non é necesario conservar o xustificante de pagamento ao poder solicitar un duplicado en calquera momento.

Aforro: domiciliar evita despistes no cumprimento das obrigas e o aboamento de recargas innecesarias.


IBI Urbano




IBI Rústico




IAE




IVTM




TRRSU



Taxa da auga




Evolución interanual das domiciliacións



O fomento da domiciliación bancaria é unha constante na xestión tributaria desenvolvida polo ORAL, o que se mostra na evolución interanual das domiciliacións, que subiu 4 puntos nos últimos 4 anos.

A día de hoxe, o ORAL pon en xestión de cobro a través desta modalidade máis de 900.000 recibos, por un importe total de 73,8 millóns de euros.




INGRESOS APLICADOS SEGUNDO O MODO DE PAGAMENTO

O método de pagamento máis utilizado para cumprir as obrigas tributarias é o de domiciliación tributaria, **cun importe total de 73,8 millóns de euros**, seguidos dos ingresos recibidos a través do Caderno 60 (53,9 millóns de euros).

O Caderno Bancario 60 inclúe como operacións máis recorrentes as de pagamento en portelo, pagamento en caixeiros automáticos e pasarelas virtuais.

En canto aos pagamentos obtidos nas actuacións de execución desenvolvidas contra os bens das persoas debedoras, destacan as cantidades obtidas a través de embargo de contas (Caderno C63) que **superan os 5,2 millóns de euros**.

Modo de pagamento




Desagregación dos ingresos segundo modo de pagamento C60 (a través de entidades colaboradoras)




FACILIDADES DE PAGAMENTO

Fraccionamentos / aprazamentos en voluntaria



Fraccionamentos / aprazamentos en executiva



Durante o exercicio tramitáronse e resolvéronse un total de **4.538 solicitudes de fraccionamento e/ou aprazamento** de pago, dos cales 3.173 foron en vía voluntaria e 1.365 en vía executiva.

Ademais do anterior, **1.303 persoas** acolléronse a outros sistemas flexibles de pagamento en voluntaria do seguinte xeito:

FORMA DE PAGAMENTO PERSONALIZADO	NÚM. DE SUXEITOS ACOLLIDOS
Plan personalizado de pagamento	314
Pagamento do IBI en dous prazos	989

Por último, o ORAL dispón tamén de **sistemas flexibles de pagamento na vía executiva** para as persoas debedoras que queren regularizar a súa situación tributaria e non poden acollerse aos sistemas normalizados de fraccionamento ou aprazamento de débedas por non reunir os requisitos indispensables de importe ou solvencia. Neste caso, un estudo minucioso da débeda e da casuística persoal da ou do debedor pode permitir a elaboración dun plan de pagamentos á carta.

RECADACIÓN EXECUTIVA (EVOLUCIÓN)

As comparativas de pagamento en vía executiva realízanse de acordo coas principais das débedas contraídas para a súa posterior entrega a entes delegantes; non obstante, para valorar a actividade recadadora do ORAL cómpre termos en conta tamén a recadación das recargas de prema, as custas do procedemento (2.670.689,23 €) e os ingresos parciais recadados no exercicio.

Se temos en conta a totalidade da actividade en relación aos ingresos obtidos na vía executiva no 2023, a cantidade recadada por esta vía **ascende ata os 18,25 millóns de euros**.


As desviacións existentes no exercicio 2021 e 2022 teñen a súa orixe na demora dos cobros en executiva experimentados no exercicio 2021 como consecuencia do aprazamento dos períodos voluntarios de cobro por causa do COVID-19, ademais da liquidación e recadación extraordinaria dun valor de importe elevado aplicado neses exercicios (5.630.271,00 € no exercicio 2021 e 1.452.722,82 € no exercicio 2022).

Recadación executiva total	Importe total recadado	Importe recadado sen desviacións extraordinarias
2020	16.983.423,04 €	16.983.423,04 €
2021	26.694.879,27 €	21.064.608,27 €
2022	19.965.578,37 €	18.512.805,55 €
2023	18.250.067,17 €	18.250.067,17 €


A leve diminución do recadado en vía executiva no exercicio 2023 ten a súa orixe nas tarefas de depuración de base de datos, que permitiron incrementar as porcentaxes de cobro en vía voluntaria, así como na maior selección dos valores para providenciar sobre os que se pretende realizar tarefas de execución contra os bens das persoas debedoras (15,9 millóns de euros en 2022 e 14,8 millóns de euros en 2023).

Tendo en conta que parte da executiva do exercicio 2020 foi demorada ao exercicio 2021 por mor da suspensión de actividades derivadas da pandemia, podemos estimar que a tendencia de recadación executiva deses anos vén expresada pola media dos dous exercicios (16.983.423,04 € no 2020 e 21.064.608,27 no 2021).

Recadación executiva (sen desviacións)



Pendente de cobro en executiva a 31/12/2023



ACTUACIÓN DE EXECUCIÓN CONTRA OS BENS DAS PERSOAS DEBEDORAS


No exercicio 2023 realizáronse 587.349 actuacións de execución contra os bens das e dos debedores ás facendas públicas.

Nas porcentaxes de cobro das actuacións singularizadas compútase non soamente o recadado coa propia actuación (60 % do ingresado), senón as cantidades que se regularizan a través de cobros directos derivados de tal actuación (40 % restante).


Ademais das actuacións xerais e singularizadas, estanse a realizar actuacións moi especializadas con determinadas persoas debedoras ás que se lles contacta e guía para facerlles fronte ás súas débedas de xeito personalizado. O total de persoas contactadas e cantidades ingresadas é o seguinte:

PERSOAS CONTACTADAS	COBROS
715	251.299,40 €

Porcentaxe recadado no exercicio (actuacións xerais)



Actuacións singularizadas





Capítulo 5

Outras actividades de xestión

XESTIÓN DAS SANCIÓNS DE TRÁFICO


O ORAL exerce por delegación as competencias de instrución dos **expedientes sancionadores non tributarios por infrinxir a normativa de tráfico** e/ou as correspondentes ordenanzas municipais aprobadas polos concellos da provincia que delegaron dita competencia. Esta delegación non implica en ningún caso o exercicio da potestade sancionadora, que lle segue correspondendo á alcaldesa, ao alcalde ou á concelleira ou concelleiro en quen delegue.

A delegación de funcións esténdese ao período que vai desde a notificación do inicio do expediente sancionador ata a proposta de resolución elevada polo instrutor ao órgano competente do ente local delegante.

No exercicio 2023 tramitáronse un total de **22.740 denuncias** interpostas por axentes de autoridade encargados da vixilancia do tráfico.

En relación aos **procedementos sancionadores de carácter tributario**, tramitáronse un total de 70 por importe de 246.346,25 €.

Motivo da denuncia (tráfico)




INSPECCIÓN TRIBUTARIA E COMPROBACIÓN

EXPEDIENTES DE INSPECCIÓN/COMPROBACIÓN LIMITADA	TOTAL
Expedientes de inspección finalizados	464
Expedientes de comprobación limitada finalizados con regularización	1.950
TOTAL DE EXPEDIENTES FINALIZADOS	2.414 (*)

(*) O importe total das liquidacións xeradas por estes conceptos **eleváronse ata os 1.786.585,12 €.**

Durante o exercicio realizáronse tarefas de inspección e comprobación con **descubrimiento de débeda** nun total de 40 concellos da provincia: Agolada, Arbo, Barro, Caldas de Reis, Cambados, Campo Lameiro, Cangas, A Cañiza, Catoira, Cerdedo-Cotobade, Covelo, Crecente, Cuntis, A Estrada, Forcarei, Fornelos de Montes, O Grove, A Illa de Arousa, Lalín, A Lama, Meaño, Meis, Moaña, Mondariz, Moraña, Mos, As Neves, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, Ponte Caldelas, Pontecareas, Pontecesures, O Porriño, Sanxenxo, Silleda, Soutomaior, Valga, Vilaboa, Vilanova de Arousa.


Liquidacións de inspección/comprobación



Estes procedementos desenvólvense de acordo coas seguintes fases:



- Traballos de investigación, tanto documental coma en campo, previos ao inicio do expediente.
- Incoación formal mediante dilixencia de inicio.
- Proposta de liquidación e trámite de audiencia á persoa interesada.
- Finalización do procedemento mediante resolución (no caso da comprobación limitada) ou mediante a sinatura dunha acta de conformidade/desconformidade, no caso dos expedientes de inspección.

Actas de conformidade



IAE ICIO
TLU Taxa 1,5

Resultado dos expedientes



COLABORACIÓN NA XESTIÓN CATASTRAL

O ORAL desenvolve como consecuencia do convenio asinado coa Secretaría de Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) tarefas de colaboración en materia de xestión catastral.

Entre as tarefas máis destacadas que asume o ORAL, e que desenvolve para todos os concellos que solicitaron a súa adhesión a este acordo, encóntranse:

- A tramitación dos expedientes de alteracións de orde xurídica e alteracións de orde física e económica relativas a inmobles rústicos e urbanos.
- Actuacións de colaboración na actualización das descripcións catastrais dos inmobles susceptibles de orixinar unha incorporación ou modificación no Catastro Inmobiliario.
- A posta a disposición dos medios necesarios para levar a cabo a atención ao público como consecuencia da tramitación de procedementos catastrais, cando afecten a un número significativo de inmobles.
- A notificación aos interesados das variacións indicadas anteriormente

PROCEDEMENTOS SIMPLIFICADOS DE VALORACIÓN COLECTIVA (PSVC)


Ademais de seguir a desenvolver tarefas derivadas da emisión de liquidacións dos PSVC iniciados en 2021 (Salceda de Caselas, O Porriño, Mos, Caldas de Reis e Baiona) e 2022 (Caldas de Reis, Vila de Cruces e Vilaboa), no exercicio 2023 iniciáronse os seguintes procedementos simplificados de valoración colectiva en concellos xestionados polo ORAL.

CONCELLO	EXPEDIENTE	DATA DE PUBLICACIÓN
Gondomar	95885.54/23	19/09/2023
Ponteareas	554864.36/22	20/03/2023
Portas	391263.36/23	11/10/2023
Sanxenxo	58074.36/23	10/02/2023

- Altas de expedientes iniciadas na sede electrónica do Catastro no 2023: **6.796**
- Expedientes resoltos no exercicio: **5.113**
- Os expedientes tramitados permitiron a regularización da situación de **6.893 inmobles urbanos** e **2.511 inmobles rústicos**.
- **Máis de 9.000 km** percorridos por persoal propio para a revisión de inmobles en campo.
- Revisión da gran maioría dos **polígonos industriais da provincia**.
- Emisión de máis de **750 comunicacións** para regularización de titularidades.



Expedientes finalizados



- Alteracións xurídicas
- Novas construcións, reformas, ampliacións
- Agregacións, agrupacións, segregacións e divisións
- Cambios de uso, aproveitamento e demolicións

XESTIÓN DE EXPEDIENTES

No exercicio 2023 resolvéronse máis de 50.000 expedientes derivados da delegación das facultades de xestión, liquidación, recadación e inspección dos concellos que confiaron no ORAL para xestionar os seus tributos.

O maior volume de xestión orixínase pola tramitación dos declarativos (tanto de taxas e prezos públicos coma doutros tributos), recursos resoltos e solicitudes de beneficios fiscais. Tamén teñen moita importancia, en termos de volume de resolución, a tramitación de expedientes derivados da adhesión ao convenio catastral.

No apartado de outras solicitudes englobábanse expedientes de suspensión, compensación, plans de pagamento personalizado...

No apartado de outros tipos de expedientes faise referencia a expedientes de afección de bens, solicitudes de rateo, expedientes sancionadores, procedementos concursais, derivacións, comunicacións, hipoteca legal tácita, actuacións sobre sucesores e outros).

Tipoloxía de expedientes tramitados



DEPURACIÓN DE DATOS

TRÁFICO: no exercicio 2023 tramitouse coa Dirección Xeral de Tráfico un procedemento para acordar a baixa definitiva dos vehículos sobre os que exista a presunción de inexistencia baseada na ausencia de inspección técnica de vehículos obligatoria e seguro de responsabilidade civil nos últimos 10 anos. O resultado deste traballo implica a baixa no padrón fiscal 2024 e seguintes de 21.334 vehículos, o que non impide a súa rehabilitación posterior, en caso de reunir as condicións para obter a autorización administrativa.

INE: accédese mensualmente á descarga de información do Instituto Nacional de Estadística relativa a defuncións producidas, das que se rexistraron no ano 2023 un total de 6.826, o que deu lugar á modificación da base de datos de terceiras persoas dadas de alta na aplicación.

XESTIÓN DE DEFUNCIÓNS: solicitóuselle información á Axencia Tributaria Galega acerca dun total de 120.595 persoas falecidas existentes na base de datos. Logo do tratamento da información conseguiuase asignar 83.134 persoas representantes das herdanzas xacentes, mellorando así a cobrabilidade das débedas.


XESTIÓN DE TITULARIDADES EN TRRSU: no exercicio 2023 realizáronse de oficio e de forma masiva un total de 5.914 cambios de titularidade ao acreditarse unha falta de coincidencia entre o suxeito pasivo da taxa e o titular catastral, o que derivou na emisión de 2.297 novas liquidacións por importe de 128.657,06 €.

VINCULACIÓN DA REFERENCIACIÓN CATASTRAL AOS OBXECTOS TRIBUTARIOS DAS TAXAS: no exercicio 2023 realizáronse traballos masivos que conduciron á referenciación dun total de 25.017 obxectos tributarios de taxas vinculadas a unha propiedade inmobiliaria.

XESTIÓN DE PERSOAS: para xestionar os tributos delegados, o ORAL manexaba a comezo de 2023 unha base de datos inicial de 904.633 suxeitos. Durante o exercicio 2023 os traballos de depuración da base de datos para unha mellor xestión e recadación dos recursos locais alcanzaron un total de 127.309 persoas.

VARIACIÓNS	NÚM.
Persoas a 01/01/2023	904.633
Altas	28.685
Baixas	6.268
Persoas a 31/12/2023	927.050

Depuración da BD de persoas



REPRESENTACIÓN E DEFENSA EN TRIBUNAIS


O ORAL exerce a defensa xudicial e o exercicio de accións xudiciais e administrativas de todo tipo, en materia de tributos e ingresos, xestión e recadación de dereito público das materias delegadas.

Neste exercicio 2023 desenvolvéronse 78 procedementos, que requiriron de **813 actuacións diferenciadas** ante os tribunais de xustiza.


Cómpre destacar o pronunciamento do **Tribunal Supremo** en sentenza núm. 949/2023 do 10 de xullo de 2023, na que resolve o recurso de casación interposto pola Deputación Pontevedra-ORAL contra a sentenza número 96/2022 do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Pontevedra, do 10 de maio de 2022, que **confirma o criterio seguido por esta Deputación na resolución do recurso de reposición**, que consistía en considerar como situación consolidada e, por tanto, non impugnabile, unha liquidación de IIVTNU contra a que a persoa interesada interpuxo recurso de reposición en prazo pero con posterioridade á data de ditado da STC 182/2021.

Con esta resolución xudicial, fíxose criterio nunha cuestión que foi resolta de forma dispar nos distintos xulgados e tribunais, e péchalles a porta ás persoas contribuíntes que estaban en prazo para recorrer liquidacións por plusvalía na data que se declarou a inconstitucionalidade, pero aínda non formalizaran o seu recurso.


Pronunciamentos



Xulgados



Principais actuacións desenvoltas





OUTROS AVANCES NO EXERCICIO

- Elaboración da **Guía de servizos tributarios 2023**.
- Adaptación da documentación emitida polo ORAL á **nova imaxe corporativa** (novembro de 2023).
- Mellora e actualización (da versión 2.0.3 á 2.0.7) da aplicación multiplataforma destinada a policía locais e axentes de mobilidade para xestionar sancións de tráfico (**SIT-SANCIONA**).
- Convenio entre a Deputación de Pontevedra e o Instituto Nacional de Estadística (INE) para o acceso á base padroal do INE a través do **servizo web SECOPA**.
- **Actualización permanente da web corporativa do ORAL** (<https://oral.depo.gal>) cos datos de novas delegacións, ordenanzas fiscais municipais e tipos e coeficientes actualizados.
- Novo trámite de obtención de **informes automatizados** de obxectos tributarios ou de estar ao corrente de pagamento coas facendas locais na OVT.
- Mellora da OVT coa introdución dun sistema de **autoliquidación do ICIO** en determinados concellos que así o prevén nas súas ordenanzas fiscais.
- Desenvolvemento dun **sistema de xestión de calidade** que nos habilita para obter a certificación dos servizos prestados.



ORDENANZA INTERADMINISTRATIVA: os obxectivos básicos desta ordenanza son os de incrementar o grao de transparencia, a eficiencia e axilidade na materialización dos procedementos de delegación, recompilando nun só texto a forma de exercicio das competencias que se deleguen, limitando a técnica convenial a aqueles supostos específicos en que sexa de obriga tal formalización, ben por tratarse de encomendas de xestión ou por ter como obxecto a regulación de contidos específicos (BOPPO 14/06/2023).

INTERMEDIACIÓN: no exercicio 2023 realizáronse un total de 624.314 intermediacións de datos con outras administracións, o que evita achegar de novo a documentación que xa está en poder da Administración.





- Maior accesibilidade do **catálogo de procedementos** a través da OVT ou da sede electrónica da Deputación.
- Mellora da accesibilidade das **enquisas de satisfacción** na OVT e na web do ORAL.
- Inclusión das liquidacións xeradas polos procedementos simplificados de valoración colectiva **no calendario fiscal de cobros** dos tributos xestionados por conta dos concellos.
- Mellora da información subministrada aos concellos mediante a incorporación dun **informe anexo ao decreto de arquivo explicativo dos motivos de tal arquivo**, coa finalidade de aumentar a transparencia e a confianza dos entes delegantes.
- Asunción directa dos procedementos sancionadores tributarios e expedientes de comprobación limitada **a través de medios propios**, prescindindo de asistencia técnica.
- Emisión de informes a requirimento da **Valedora do Pobo (3) e do Defensor del Pueblo (2)**.
- Posta á disposición dos entes delegantes de **modelos actualizados de ordenanza fiscal** do IBI, IAE, IVTM, IIVTNU, taxa por entrada de vehículos, taxa por recollida, tratamento e eliminación de residuos sólidos urbanos, subministración de auga, rede de sumidoiros, expedición de documentos, así como outras taxas por ocupación de vía pública.



Capítulo 7

Outros serviços a entes delegantes

OUTROS SERVIZOS PRESTADOS A ENTES DELEGANTES

O ORAL tramita anticipos a conta da recadación, de acordo co regulado na base 28 da Ordenanza de relacións interadministrativas, do seguinte xeito:

ANTICIPOS ORDINARIOS:

O ORAL realiza entregas a conta da recadación dos padróns de IBI Urbano, IBI BICES, IVTM e IAE, con periodicidade mensual a partir do mes de xaneiro e ata a liquidación definitiva do correspondente padrón e como máximo en 10 mensualidades.

ANTICIPOS EXTRAORDINARIOS:


a) Anticipo sobre padróns ou listas cobratorias das taxas e prezos públicos, unha vez aprobadas polo órgano competente.

b) Anticipo sobre padróns de taxas e prezos públicos pendentes de aprobación polo órgano competente.

c) Anticipos sobre liquidacións de IBI resultado de regularizacións catastrais e outros procedementos de valoración colectiva ou análogos.


As cantidades anticipadas no exercicio 2023 alcanzan os **67,15 millóns de euros**, o que supón un incremento da liquidez aos entes delegantes dun 1,3 %.

ANTICIPOS ORDINARIOS



(*) A desviación do exercicio 2020 é debida aos anticipos por atraso de cobranzas por motivo da COVID-19

ANTICIPOS EXTRAORDINARIOS



(*) A desviación do exercicio 2020 é debida aos anticipos por atraso de cobranzas por motivo COVID-19

ANO	ANTICIPOS ORDINARIOS	ANTICIPOS EXTRAORDINARIOS	TOTAL
2020	63.634.160,00 €	3.795.547,97 €	67.429.707,97 €
2021	61.997.961,00 €	2.348.560,58 €	64.346.521,58 €
2022	64.544.951,00 €	1.754.324,40 €	66.299.275,40 €
2023	65.224.792,00 €	1.925.616,63 €	67.150.408,63 €

LIQUIDACIÓNS PROVISIONAIS:

Ademais dos anticipos sinalados, e co fin de dotar as entidades delegantes de maior liquidez, no exercicio 2023 practicáronse liquidacións provisionais a conta das liquidacións definitivas sobre a contía íntegra da recadación dos padróns, a recadación por liquidacións de contraído logo do ingreso directo, a recadación por liquidacións de contraído simultáneo e/ ou autoliquidacións e a recadación en período executivo de cobro **por importe de 393.000 €.**



PLATAFORMAS E TECNOLOXÍAS A DISPOSICIÓN DOS CONCELLOS

O ORAL pon á disposición dos concellos delegantes varias utilidades para mellorar a xestión, transparencia ou cobrabilidade das débedas.

Software de Información Tributaria

O ORAL pon á disposición dos entes delegantes un *software* para o seguimento en real da xestión e recadación dos tributos delegados.

SIT Sanciona

A aplicación específica de sancións de tráfico (SIT Sanciona) é una aplicación móbil multiplataforma para a xestión de sancións de tráfico mediante dispositivos PDA postos á disposición das e dos axentes da policía local, que optimiza o proceso de imposición de multas e axiliza a tramitación destas, ademais de eliminar erros e aforrar custos. Permite identificar a persoa infractora, recoñecer a matrícula, xeolocalizar a infracción, incorporar fotografías e asinar a denuncia, así como imprimir o boletín de denuncia para a súa notificación, quedando esta gravada automaticamente no sistema para a súa tramitación.

SolORAL

A utilidade SolORAL é unha ferramenta creada para facilitar a interrelación directa entre o ORAL e os entes delegantes. A través desta plataforma intercámbianse solicitudes de interese para ambas as partes, o que permite un contacto áxil, á vez que respecta a trazabilidade de cada petición.

EXERCICIO	NÚM. TOTAL	DESTINO ORAL	DESTINO ENTES DELEGANTES
2020	6.266	4.126	2.140
2021	7.389	5.613	1.776
2022	8.724	6.350	2.374
2023	7.196	5.210	1.986

DocORAL

A utilidade DocORAL é un repositorio de documentación situado na nube que permite o depósito e almacenamento de documentación de interese para as entidades delegantes. A través deste sistema, no exercicio 2023 púxose á disposición dos entes delegantes documentación de interese para os concellos (un total de 2.248 documentos), entre os que destacan a Ordenanza de relacións interadministrativas, modelos de ordenanzas fiscais normalizados, o acceso a formularios normalizados na sede electrónica, padróns tributarios, listas cobratorias, matrículas do IAE, esforzo fiscal, así como as liquidacións de rendición de contas das competencias delegadas (liquidacións de cada unha das cobranzas ao finalizar os períodos voluntarios de pagamento, liquidacións bimensuais de ingresos directos e recadación executiva, así como a conta de xestión global do exercicio 2023).



Control de Debedores

A utilidade Control de Debedores está deseñada para comprobar se unha relación de pagos subministrada por un ente delegante contén terceiros que teñan débedas en vía executiva, unha vez superados os prazos de pago definidos no art. 62.5 da Lei xeral tributaria, en calquera dos concellos que xestiona o ORAL por delegación. Logo da consulta inmediata dun ficheiro de comprobación, permítelles aos concellos realizar pagamentos coa seguridade de que os ditos terceiros non son debedores ás facendas locais.

CONCELLOS	NÚM. DE PETICIÓNS	CONCELLOS	NÚM. DE PETICIÓNS
Baiona	174	O Rosal	109
Caldas de Reis	36	Ponteareas	324
Cambados	51	Rodeiro	3
Gondomar	49	Salceda de Caselas	207
Lalín	576	Salvaterra de Miño	30
Moaña	33	Tomiño	13
Nigrán	90	Vila de Cruces	17
TOTAL			1.712





Capítulo 6

Información e atención á ciudadanía


INFORMACIÓN E ATENCIÓN Á CIDADANÍA

Contacto:

WEB DO ORAL:	https://oral.depo.gal
OVT:	https://ovt.depo.gal
CORREO-E:	informacion.oral@depo.es
ATENCIÓN TELEFÓNICA:	• 886 211 400 • 886 211 420


As nosas oficinas en 2023:

1	Lalín	13	Vigo
2	A Estrada	14	Nigrán
3	Caldas de Reis	15	O Rosal
4	Vilanova de Arousa	16	Tomiño
5	Cambados	17	Tui
6	Pontevedra	18	O Porriño
7	Sanxenxo	19	Ponteareas
8	Ponte Caldelas	20	A Cañiza
9	Bueu	21	Crecente
10	Moaña	22	Arbo
11	Cangas	23	As Neves
12	Covelo		



INFORMACIÓN E ATENCIÓN EN 2023 (OFICINAS DE ASISTENCIA)

Denominación	Enderezo	Horario
Pontevedra	Rúa de Manuel del Palacio, núm. 16	De luns a venres, de 9:00 a 14:00 h
Arbo	Rúa de Luis Cubelas, núm. 2	Mércores, de 9:00 a 13:30 h
Bueu	Rúa de Eduardo Vicenti, núm. 8	Luns, de 9:00 a 13:30 h
Caldas de Reis	Rúa de José Salgado, núm. 19	De luns a venres, de 9:00 a 14:00 h
Cambados	Rúa de Ourense, núm. 8	De luns a venres, de 9:00 a 14:00 h
Cangas	Praza das Pontes, s/n	De luns a venres, de 9:00 a 14:00 h
A Cañiza	Rúa do Progreso, edificio dos xulgados	Martes e xoves, de 9:00 a 13:30 h
Crecente	Rúa de Solís Ruiz, núm. 5	Venres, de 9:00 a 13:30 h
O Covelo	Praza do Mestre Cerviño, núm. 2	Luns, de 9:00 a 13:30 h
A Estrada	Avenida de Benito Vigo, núm. 47, baixo	De luns a venres, de 9:00 a 14:00 h
Lalín	Praza de Galicia, núm. 1, Castro Tecnolóxico	De luns a venres, de 9:00 a 14:00 h
Moaña	Rúa das Barxas, núm. 15	De luns a venres, de 9:00 a 14:00h
As Neves	Praza da Cristiandade, núm. 1	Venres, de 9:00 a 13:30 h
Nigrán	Rúa das Damas Apostólicas, núm. 15	De luns a venres, de 9:00 a 14:00 h
Ponteareas	Rúa de Concha Brey, núm. 4, baixo	De luns a venres, de 9:00 a 14:00 h
Ponte Caldelas	Avenida de Galicia, núm. 17 (casa do concello)	Venres, de 9:00 a 13:30 h
O Porriño	Rúa do Pinar, núm. 5	De luns a venres, de 9:00 a 14:00 h
O Rosal	Praza do Calvario, núm. 1,	Martes e xoves, de 9:00 a 13:30 h
Sanxenxo	Rúa da Viña da Fonte, núm. 2	De luns a venres, de 9:00 a 14:00 h
Tomiño	Praza do Seixo, s/n	Mércores, de 9:00 a 13:30 h
Tui	Rúa do Rosal, bloque Pérez Blanco, 1, baixo	De luns a venres, de 9:00 a 14:00 h
Vigo	Rúa de Eduardo Chao, núm. 17	De luns a venres, de 9:00 a 14:00 h
Vilanova de Arousa	Rúa do Cruceiro, núm. 1	De luns a venres, de 9:00 a 14:00 h









ESTADÍSTICAS DE ATENCIÓN

No exercicio 2023 realizáronse **721.654 atencións á cidadanía**. Destacan por riba de todas as telemáticas, que xa supoñen un 78 % da nosa atención e que reflicte a tendencia da sociedade a aproveitar as plataformas e novas tecnoloxías á súa disposición. No exercicio 2023 rexistráronse 145.506 atencións máis ca no exercicio anterior.

A pesar desta tendencia cara ás atencións virtuais, as presenciais tamén aumentaron en todas as oficinas do ORAL, e pasaron de 81.772 atencións no exercicio 2022 a 97.734 no ano 2023.

No que respecta á repartición de atencións ao longo do ano, mantense moi estable todos os meses, con pequenos incrementos no segundo semestre do ano.

Tipos de atencións



ORAL INFORMA

É o programa de emisión de información áxil para as e os contribuíntes. Utiliza diversas ferramentas de información activa como a web, o SMS, o correo electrónico, as redes sociais, a publicación de contidos na prensa convencional e as pantallas de información nas oficinas.


Información vía web

- 🔊 Nova Guía de servizos tributarios 2023 (27/02/2023).
- 🔊 O 3 de abril remata o prazo para o aboamento das taxas municipais 2023 (31/03/2023).
- 🔊 O ORAL pecha 2022 con 136 millóns de euros recadados e un 109 % máis de atencións respecto a 2021 (03/04/2023).
- 🔊 Aberto o prazo para o aboamento do IVTM 2023 (26/04/2023).
- 🔊 É a quenda das taxas municipais, do 5 de maio ao 5 de xullo de 2023 (05/05/2023).
- 🔊 Aprobación definitiva da Ordenanza reguladora das relacións interadministrativas consecuencia da delegación de competencias ou encomenda de funcións na Deputación Provincial de Pontevedra para o seu exercicio polo ORAL (15/06/2023).
- 🔊 O 1 de agosto remata o prazo para o aboamento das liquidacións derivadas dos procedementos simplificados de valoración colectiva levados a cabo pola Xerencia Territorial do Catastro de Pontevedra nos concellos de Mos e Salceda de Caselas (21/07/2023).
- 🔊 O Tribunal Supremo confirma o criterio seguido pola Deputación Pontevedra-ORAL en relación á plusvalía municipal na recente sentenza núm. 949/2023 do 10 de xullo de 2023 (21/07/2023).
- 🔊 Aberto o prazo para o aboamento do IBI 2023 (26/07/2023).
- 🔊 O Consello Xeral da Avogacía Española faise eco da sentenza núm. 949/2023 do 10 de xullo de 2023 na que o Tribunal Supremo confirma o criterio seguido pola Deputación Pontevedra-ORAL en relación á plusvalía municipal (28/07/2023).
- 🔊 Aberto o prazo para o aboamento das taxas municipais de 2023 (4/08/2023).
- 🔊 Aberto o prazo para o aboamento do IAE 2023 (01/09/2023).
- 🔊 Recuperación da atención presencial sen cita previa no Servizo de Xestión Tributaria e Recadación de Recursos Locais (ORAL) (27/09/2023).
- 🔊 O 7 de novembro remata o prazo para o aboamento do IBI 2023 (31/10/2023).

SMS e correos electrónicos informativos

No exercicio 2023 emitíronse un total de 377.468 avisos de fin de voluntaria e avisos de cargo en conta a través de SMS. Ademais, enviáronse un total de 185.339 avisos de inicio e fin de voluntaria e avisos de cargo en conta a través de correo electrónico. Por materias, a desagregación é a seguinte:

Vía SMS e correo-e:



ORAL INFORMA

Prensa

-  *La Voz de Galicia*: “El ORAL de Pontevedra incrementó su recaudación un 3 % en el 2022 hasta situarla en 136 millones” (4/04/2023)
-  *La Voz de Galicia* (Ed. Deza): “El ORAL pone al cobro el pago del IBI del 2023 de ocho concellos” (27/07/2023)
-  *La Voz de Galicia*: “El ORAL implementa en Pontevedra el SMS o Whatsapp como canales de comunicación” (01/10/2023)
-  *Europapress*: “La Diputación de Pontevedra abre el plazo para el pago voluntario del impuesto sobre actividades económicas” (16/09/2023)
-  *Metropolitano.gal, VigoÉ, La Voz de Galicia e Pontevedraviva*: “Las oficinas del ORAL recuperan la atención presencial sin cita previa” (26/09/2023)

Redes sociais

-  A ORAL INFORMA promócióname tamén nas redes sociais (  ) , cun total de 3.403 impresións en X e 4.685 impresións en Facebook.




OVT (OFICINA VIRTUAL TRIBUTARIA)


No presente ano rexistráronse un total de **1.203.514 accesos á nosa Oficina Virtual Tributaria**, principalmente a través de PC e *smartphone*.

Os principais trámites realizados teñen que ver coa consulta de obxectos tributarios, recibos emitidos, cargos en conta derivados das ordes de domiciliación bancaria ou presentacións realizadas. Tamén é moi considerable a súa utilización como vía de pagamento e como ferramenta de depuración dos datos das persoas contribuíntes.

Modo de acceso





Principais trámites realizados na OTV



PRINCIPALES PRESENTACIONES NA OVT

- Solicitudes (non catalogadas)
- Contestar requerimientos
- Declaración IIVTNU
- Contestación ao embargo
- Recursos
- Certificados tributarios
- Devolución de ingresos indebidos
- Alegacións contra multas de tráfico
- Solicitud de beneficios fiscais
- División do recibo do IBI
- Fraccionamento de débedas en voluntaria
- Subscrición á notificación electrónica





2023

EN CIFRAS



2023 EN CIFRAS



- O **90,16 %** dos concellos da provincia mantén relacións co ORAL en materia de **xestión** ou **recadación**
- Xestionamos por conta de **9 entidades locais distintas** ao municipio
- Xestionamos e recadamos tributos do **96,08 %** dos concellos da provincia de **menos de 20.000 habitantes**
- Realizamos anticipos por un importe de **67,15 M€**
- Incrementamos un **1,28 %** as **cantidades anticipadas**



CONCELLOS

ESTRUTURA



- **147 persoas** na RPT
- **24 centros** de traballo
- **75 % de funcionariado** no cadro de persoal
- **61 % de mulleres**
- **2,3 persoas traballadoras** para cubrir cada ente delegante
- **62 persoas traballadoras** acollidas a sistemas de **conciliación** ou **traballo a distancia**




1.318 horas
FORMACIÓN




RECADACIÓN

- Redución dun **8,67 %** do pendente de cobro a 31/12
- Ingresos parciais liquidados por importe de **2.562.485,59 €**
- Incremento da recadación en vía voluntaria de padróns nun **1,39 %**
- Incremento da recadación en vía voluntaria de liquidacións nun **10,57 %**
- Porcentaxe de cobro en voluntaria do **90,07 %**
- Incremento da porcentaxe de domiciliación bancaria nun **3,27 %**
- **586.745 actuacións** xerais de execución contra bens das persoas debedoras
- **1.319 actuacións** singularizadas de cobro realizadas



INSPECCIÓN E COMPROBACIÓN

- **2.414 expedientes** finalizados con descubrimiento de **débeda**
- **40** concellos **inspeccionados**
- **1.786.585,12 €** liquidados



PERSOAS CONTRIBUÍNTES

- **721.654** atencións realizadas
- **34,75 %** de incremento das atencións **en liña**
- **19,52 %** de incremento das **atencións presenciais**
- **ORAL INFORMA: 377.468 SMS** enviados
- **ORAL INFORMA: 185.339 correos-e** enviados
- **ORAL INFORMA: 8.088 impresións** en redes sociais




DEPURACIÓN

- **127.309** persoas actualizadas
- **83.134** persoas representantes das **herdanzas xacentes**
- **5.914 cambios de titularidade** realizados de oficio de forma masiva
- **624.314 intermediacións de datos** con outras administracións



XESTIÓN TRIBUTARIA

- **50.642** expedientes **resoltos**
- **904.186** recibos **domiciliados**
- **1.387.980** recibos emitidos (**padróns**)
- **129.860 liquidacións** emitidas
- **236.977 notificacións** realizadas
- **4.538 solicitudes** de **fraccionamento** ou **aprazamento** de pago resoltas
- **1.303** persoas acolléronse a outros sistemas flexibles de **pagamento en voluntaria**
- **22.740 denuncias de tráfico** tramitadas
- **Regularización catastral** de **6.893 inmuebles urbanos** e de **2.511 inmuebles rústicos**
- Máis de **9.000 km percorridos** por persoal propio para a revisión de inmuebles no campo
- **813 actuacións** diferenciadas ante os **tribunais de xustiza**
- **81 %** de **pronunciamentos favorables** ante os tribunais de xustiza





ORAL
ÓRGANO DE GESTIÓN TRIBUTARIA E
RECADACIÓN DE RECURSOS LOCAIS